



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES "Maximino Romero de Lema"
981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE **DEBUXO**

Índice de contidos

1.- Introducción e contextualización	1
2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	1
3.- Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	2
4.- Obxectivos.....	15
5.- Contidos e a súa secuenciación.....	23
6.- Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe avaliáveis, temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.....	30
7.- Mínimos exixíbeis para superar a materia.....	57
8.- Procedementos e instrumentos de avaliación	59
9.- Metodoloxía didáctica	60
10.- Materiais e recursos didácticos.....	60
11.- Avaliación, cualificación e promoción do alumnado	61
12.- Avaliación do proceso do ensino e a práctica docente.	61
13.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	61
14.- Procedementos que lle permitan ó alumnado acreditar os coñecementos necesarios (BAC)	61
15.- Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados	62
16.- Medidas de atención á diversidade	62
17.- Elementos transversais	62
18.- Actividades Complementarias e extraescolares	63
19.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación	63

1.- Introducción e contextualización

O IES Maximino Romero de Lema atópase en Baio, no concello de Zas, situado ao noroeste de Galiza. Acolle 215 alumnas e alumnos de ESO, Formación Profesional Básica, Bacharelato (modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais) e do Ciclo Formativo de Grao Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes. A este instituto acoden alumnos e alumnas desta localidade, de todo o concello de Zas e tamén alumnado dos limítrofes concellos de Vimianzo, Cabana e Laxe.

A localidade de Baio é a máis grande do Concello de Zas (concentra aproximadamente o 21% da súa poboación) e tamén a zona de maior desenvolvemento socioeconómico do concello.

A poboación activa do Concello de Zas constitúe o 37,93% da poboación total, dedicándose o 37,10% ao sector primario, o 36,46% ao secundario e o 26,12% ao terciario. Dentro do sector primario, o subsector agropecuario ocupa case o 40% da poboación activa.

Finalmente, hai que mencionar tamén a gran cantidade e variedade de asociacións deste concello (culturais, recreativas, etc.): Adro, Amigos do Liño, Pico de Meda, Su a Agra, Castro Meda, e grupo de teatro Badius.

Durante o curso 2016-17, o Departamento de Debuxo impartirá as materias de Educación Plástica, Visual e Audiovisual en 1ºESO, 3ºESO e 4º ESO, Debuxo Técnico I e Debuxo Artístico I en 1ºBach e Debuxo Técnico II e Debuxo Técnico II en 2ºBach.

Na nosa época, a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade. Nesta materia inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos. Analísanse as características da linguaxe audiovisual, faise fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe e dótase o alumnado das competencias necesarias para se poder comunicar graficamente con obxectividade nun mundo cada vez máis complexo, que require do deseño e da fabricación de produtos que resolvan as necesidades presentes e futuras.

2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Comunicación lingüística (**CCL**). Expresa ideas, sentimentos e emocións integrando a linguaxe plástica, visual e audiovisual con outras linguaxes.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (**CMCCT**). Utiliza procedementos relacionados co método científico como a observación, a experimentación, o descubrimento e a reflexión e posterior análise. Adquire competencia matemática desenvolvendo a linguaxe simbólica e profundando no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación obxectiva das formas.

Competencia dixital (**CD**). Adquire competencia no tratamento da información. Usando os distintos recursos tecnolóxicos para crear, mellora a competencia dixital.

Aprender a aprender (**CAA**). Aprende a mirar, ver, observar e percibir. Desenvolve estratexias de planificación e de avaliación de resultados.

Competencias sociais e cívicas (**CSC**). Traballando en equipo, adquire habilidades sociais como respecto, tolerancia, cooperación e flexibilidade.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (**CSIEE**). Adquire autonomía e iniciativa persoal mediante o proceso de creación.

Conciencia e expresións culturais (**CCEC**). Aprende a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas do seu país e de culturas alleas.

3.- Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que

forman parte dos perfís competenciais.

- Comunicación lingüística (CCL).

1ºESO.

Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).

Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.

Diferencia imaxes figurativas de abstractas.

Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.

Distingue símbolos de iconas.

Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.

Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual.

3ºESO.

Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.

Distingue significado e significado nun signo visual.

Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.

Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.

Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.

Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.

Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).

1º BACH TÉCNICO.

Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema.

Establece o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo.

Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida.

Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación.

1º BACH ARTÍSTICO.

Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas.

Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explica verbalmente eses valores en obras propias e alleas.

Demuestra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos.

2º BACH TÉCNICO.

Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.

Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.

Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións.

2º BACH ARTÍSTICO.

Expresa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas).

Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos.

Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva.

Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**

1ºESO.

Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.

Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.

Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.

Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.

Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.

Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).

Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.

Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.

3ºESO.

Constrúe correctamente polígonos regulares de ata 5 lados, coñecido o lado.

Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.

Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.

Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.

Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.

Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.

4ºESO.

Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.

Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.

Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.

Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplicación á creación de deseños persoais.

Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.

Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.

Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.

Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.

Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.

1º BACH TÉCNICO.

Determina coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano, e comproba graficamente o cumprimento das condicións establecidas.

Resolve triángulos coa axuda de regra e compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado.

Identifica as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia.

Comprende os fundamentos do sistema diédrico e describe os procedementos de obtención das proxeccións e a súa disposición normalizada.

Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas.

Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas.

Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.

Cota espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.

1º BACH ARTÍSTICO.

Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.

2º BACH TÉCNICO.

Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión.

Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.

Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.

Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de

medida.

Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.

Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.

Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.

Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.

2º BACH ARTÍSTICO.

Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.

Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as.

- Competencia dixital (CD).

1ºESO.

Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.

Deseña símbolos e iconas.

Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.

Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.

3ºESO.

Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.

Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.

Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.

Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.

4ºESO.

Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.

Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.

Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.

Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.

Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.

Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.

Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.

Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.

Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.

1º BACH TÉCNICO.

Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo, analizando a complexidade da súa forma, a finalidade da representación, a exactitude requirida e os recursos informáticos dispoñibles.

1º BACH ARTÍSTICO.

Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.

Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.

2º BACH TÉCNICO.

Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.

Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoñendo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade.

Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.

Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.

2º BACH ARTÍSTICO.

Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita.

Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos.

- Aprender a aprender (CAA).

1º ESO.

Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.

Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.

Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.

Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.

Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.

Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.

3º ESO.

Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.

Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.

Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos

procesos perceptivos.

Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.

Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.

4ºESO.

Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.

Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.

Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.

Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.

Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.

Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.

Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.

Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.

Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.

Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.

1º BACH TÉCNICO.

Relaciona as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións.

Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identifica as súas posibles aplicacións.

Comprende as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplícaas para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas.

Resolve problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás, aplicando con rigor e exactitude as súas propiedades intrínsecas, e utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.

Comprende o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionalismos e notacións coas proxeccións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude.

Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel.

Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.

1º BACH ARTÍSTICO.

Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.

2º BACH TÉCNICO.

Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.

Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.

Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.

Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.

Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.

Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.

2º BACH ARTÍSTICO.

Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.

É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.

Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as.

Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas.

- Competencias sociais e cívicas (CSC).

1ºESO.

Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias.

Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.

Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.

Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.

Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.

3ºESO.

Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.

Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.

Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.

Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.

1º BACH ARTÍSTICO.

Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as.

Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

2º BACH TÉCNICO.

Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.

2º BACH ARTÍSTICO.

Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.

Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.

Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

1ºESO.

Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.

Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.

Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.

Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.

Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.

Identifica os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón.

Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.

Determina o baricentro, incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.

3ºESO.

Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.

Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.

Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.

Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.

Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.

Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.

4ºESO.

Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.

Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.

Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.

Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.

Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.

Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.

Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.

Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.

Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.

Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.

Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.

Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.

Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.

Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.

Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.

Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.

Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.

Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.

Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.

1º BACH TÉCNICO.

Deseña, modifica ou reproduce formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.

Deseña, modifica ou reproduce cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza.

Reproduce figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente en función da apreciación establecida e utilizándoa coa precisión requirida.

Aplícao os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial.

Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando gra-

ficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.

Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a manalzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoñendo as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.

Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a manalzada axonometrías convencionais (isometrías e cabaleiras).

Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado.

Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.

Representa obxectos con ocios mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes.

1º BACH ARTÍSTICO.

Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado.

Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.

Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.

Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.

Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade

Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.

Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explica verbalmente eses valores en obras propias e alleas.

Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e cromatón) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.

Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.

Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.

2º BACH TÉCNICO.

Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analoxía noutros problemas máis sinxelos.

Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia.

Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.

Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.

Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.

2º BACH ARTÍSTICO.

Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subxectivas).

Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.

Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.

Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.

Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a com-poñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.

Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.

Demostra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.

Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas.

- **Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

1ºESO.

Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.

Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.

Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.

Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.

Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinces, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.

Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.

Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.

Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.

Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.

Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.

3ºESO.

Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquexos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.

Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.

Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinces, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.

Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.

Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.

Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.

Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente o escuadro e o cartabón para o trazado de paralelas.

4ºESO.

Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.

Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.

Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.

Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.

Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.

Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.

Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.

Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.

Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.

Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.

Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.

Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.

Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.

Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.

Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.

Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.

Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.

Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.

Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.

Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.

Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.

Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.

1º BACH TÉCNICO.

Determina seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelos, visualizando intuitivamente a súa posición mediante perspectivas a man alzada, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.

Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado.

Realiza perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado.

1º BACH ARTÍSTICO.

Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as.

Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado.

Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.

Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.

Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade

Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.

Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explica verbalmente eses valores en obras propias e alleas.

Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.

Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e cromatón) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.

Demuestra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos.

Aplica de maneira expresiva a cor na obra plástica persoal.

Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.

2º BACH TÉCNICO.

Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoño a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.

Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.

Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoño as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.

2º BACH ARTÍSTICO.

Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas,

descriptivas, ornamentais ou subxectivas).

Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita.

Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.

Expresa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas).

Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.

Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.

Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.

Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.

Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a com-poñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.

Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.

Demuestra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.

Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas.

4.- Obxectivos.

Os obxectivos xerais da área son os recollidos no Proxecto Curricular de Centro e no decreto do 25 de xuño de 2015, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza, que desenvolve a Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.

Educación Secundaria Obrigatoria.

a) Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galiza, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galiza, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Bacharelato.

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galiza, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Estes obxectivos xerais concrétanse en cada curso do seguinte xeito.

1ºESO.

- Identificar os elementos configuradores da imaxe.
- Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.
- Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.
- Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.
- Experimentar coas cores primarias e secundarias.
- Transcribir texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizandoas en composicións abstractas ou figurativas.
- Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.
- Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.
- Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significativa-significado: símbolos e iconas.
- Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente.
- Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.
- Recoñecer as funcións da comunicación.
- Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.
- Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.
- Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.
- Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.
- Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.
- Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medilos.
- Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción.
- Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.
- Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.

- Estudar as aplicacións do teorema de Thales.
- Coñecer lugares xeométricos e definilos.
- Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.
- Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).
- Analizar as propiedades de puntos e rectas característicos dun triángulo.
- Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplicarlas con propiedade á construción destes.
- Coñecer os tipos de cuadriláteros.
- Executar as construcións máis habituais de paralelogramos.
- Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.
- Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.
- Entender a xeometría como unha parte da ciencia que, como tal, se fundamenta na posta a proba de hipóteses alternativas mediante a observación, a experimentación e a dedución lóxica, contribuíndo á nosa mellor comprensión do cosmos.
- Apreciar e valorar a arquitectura e a artesanía tradicionais así como as demais manifestacións da nosa arte popular que, xunto coa riqueza natural, constitúen un importantísimo patrimonio que estamos obrigados a preservar.
- Apreciar o patrimonio cultural e natural, contribuíndo á súa conservación e mellora. Desenvolver a sensibilidade e o espírito crítico para rexeitar as actuacións de todo tipo que están a deteriorar irreversiblemente a nosa paisaxe natural e as nosas vilas e cidades.
- Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións artísticas propias de Galiza, expresión da nosa identidade nacional. Coñecer os/ as nosos/ as creadores/ as máis importantes, as súas obras e ideas.
- Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual. Comprender que o idioma galego pode e debe utilizarse non só na vida cotián, senón tamén na linguaxe técnica e artística.

3º ESO.

- Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.
- Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.
- Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.
- Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.
- Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.
- Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes.
- Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias.
- Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas.
- Identificar significado e significado nun signo visual.
- Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo.
- Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta.
- Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.
- Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.
- Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria.

- Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto histórico e sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra.
- Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este.
- Coñecer lugares xeométricos e definilos.
- Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.
- Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.
- Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces.
- Comprender a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias.
- Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoides.
- Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros.
- Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.
- Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais.
- Comprender e practicar o procedemento da perspectiva cabaleira aplicada a volumes elementais.
- Comprender e practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volumes sinxelos.
- Entender a xeometría como unha parte da ciencia que, como tal, se fundamenta na posta a proba de hipóteses alternativas mediante a observación, a experimentación e a dedución lóxica, contribuíndo á nosa mellor comprensión do cosmos.
- Apreciar e valorar a arquitectura e a artesanía tradicionais así como as demais manifestacións da nosa arte popular que, xunto coa riqueza natural, constitúen un importantísimo patrimonio que estamos obrigados a preservar.
- Apreciar o patrimonio cultural e natural, contribuíndo á súa conservación e mellora. Desenvolver a sensibilidade e o espírito crítico para rexeitar as actuacións de todo tipo que están a deteriorar irreversibelmente a nosa paisaxe natural e as nosas vilas e cidades.
- Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións artísticas propias de Galiza, expresión da nosa identidade nacional. Coñecer os/ as nosos/ as creadores/ as máis importantes, as súas obras e ideas.
- Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual. Comprender que o idioma galego pode e debe utilizarse non só na vida cotián, senón tamén na linguaxe técnica e artística.

4º ESO.

- Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferente-mente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.
- Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.

- Escoller os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización.
- Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.
- Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.
- Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.
- Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.
- Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.
- Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.
- Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.
- Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.
- Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.
- Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades
- Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.
- Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.
- Apreciar e valorar a arquitectura e a artesanía tradicionais así como as demais manifestacións da nosa arte popular que, xunto coa riqueza natural, constitúen un importantísimo patrimonio que estamos obrigados a preservar.
- Apreciar o patrimonio cultural e natural, contribuíndo á súa conservación e mellora. Desenvolver a sensibilidade e o espírito crítico para rexeitar as actuacións de todo tipo que están a deteriorar irreversibelmente a nosa paisaxe natural e as nosas vilas e cidades.
- Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións artísticas propias de Galiza, expresión da nosa identidade nacional. Coñecer os/ as nosos/ as creadores/ as máis importantes, as súas obras e ideas.
- Coñecer o deseño galego. Comprender que as formas son unha linguaxe e, polo tanto, deben ter patria.
- Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual. Comprender que o idioma galego pode e debe utilizarse non só na vida cotián, senón tamén na linguaxe técnica e artística.

1º BACH. TÉCNICO.

- Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente.

- Debuxar curvas técnicas e figuras planas compostas por circunferencias e liñas rectas, aplicando os conceptos fundamentais de tanxencias, resaltar a forma final determinada e indicar graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.
- Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se desexe amosar e dos recursos dispoñibles.
- Representar formas tridimensionais sinxelas a partir de perspectivas, fotografías, pezas reais ou espazos do contorno próximo, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados, dispoñendo de acordo coa norma as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.
- Debuxar perspectivas de formas tridimensionais a partir de pezas reais ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, seleccionando a axonometría axeitada ao propósito da representación, dispoñendo a posición dos eixes en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e utilizando, de ser o caso, os coeficientes de redución determinados.
- Debuxar perspectivas cónicas de formas tridimensionais a partir de espazos do contorno ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, e valorar o método seleccionado, considerando a orientación das caras principais respecto do plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final.
- Valorar a normalización como convencionalismo para a comunicación universal que permite simplificar os métodos de produción, asegurar a calidade dos produtos, posibilitar a súa distribución e garantir a súa utilización polo destinatario final.
- Aplicar as normas nacionais, europeas e internacionais relacionadas cos principios xerais de representación, formatos, escalas, cotación e métodos de proxección ortográficos e axonométricos, considerando o debuxo técnico coma linguaxe universal, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe e utilizándoo de forma obxectiva para a interpretación de planos técnicos e a elaboración de bosquexos, esquemas, esbozos e planos.
- Comprender que o idioma galego é apropiado para a linguaxe técnica e que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

1ºBACH. ARTÍSTICO.

- Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e fin en si mesmo, a través da historia da arte, no proceso creativo, con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos
- Utilizar con criterio os materiais e a terminoloxía específica.
- Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios.
- Describir graficamente obxectos naturais ou artificiais, amosando a comprensión da súa estrutura interna.
- Empregar a liña para a configuración de formas e transmisión de expresividade.
- Elaborar composicións analíticas, descritivas e expresivas con diferentes graos de iconicidade.
- Aplicar as leis básicas da percepción visual ao representar distintos volumes xeométricos ou orgánicas dentro dun espazo compositivo, atendendo ás proporcións e á perspectiva.
- Representar o volume de obxectos e espazos tridimensionais mediante a técnica do claroscuro.
- Valorar a influencia da luz como configuradora de formas e o seu valor expresivo.

- Explorar as posibilidades expresivas da textura visual e o claroscuro
- Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos sobre a cor e as relacións cromáticas, tanto na expresión gráfico-plástica como na análise de diversas manifestacións artísticas.
- Comprender que o idioma galego é apropiado para a linguaxe artística e que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2º BACH. TÉCNICO.

- Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.
- Debuxar curvas cíclicas e cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia.
- Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización.
- Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relacións métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estra-texia idónea que solucione os problemas de representación de corpos ou espazos tridimensionais.
- Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman.
- Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen a-mosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais.
- Elaborar bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.
- Presentar de xeito individual e colectivo os bosquexos, os esbozos e os planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.
- Comprender que o idioma galego é apropiado para a linguaxe técnica e que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2º BACH. ARTÍSTICO.

- Desenvolver a destreza debuxística condistintos niveis de iconicidade.
- Interpretar unha forma ou un obxecto segundo as súas intencións comunicativas.
- Desenvolver a capacidade de representación das formas mediante a memoria e a retentiva visual.
- Elaborar imaxes con distintas funcións expresivas utilizando a memoria e a retentiva visual.

- Investigar sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico-plástica.
- Representar graficamente con diferentes niveis de iconicidade, as formas, illadas ou nunha composición, o contorno inmediato, interiores e exteriores, expresando as características espaciais e de proporcionalidade, e valores lumínicos e cromáticos.
- Analizar as relacións de proporcionalidade da figura humana.
- Representar a figura humana e o seu contorno, identificando as relacións de proporcionalidade entre o conxunto e as súas partes.
- Experimentar cos recursos gráfico-plásticos para representar o movemento e a expresividade da figura humana.
- Coñecer e aplicar as ferramentas dixitais de debuxo e as súas aplicacións na creación gráfico-plástica.
- Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvolver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos, así como as posibilidades das TIC.
- Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios.
- Comprender que o idioma galego é apropiado para a linguaxe artística e que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

5.- Contidos e a súa secuenciación.

Os contidos da materia son os recollidos no Decreto do 25 de xuño de 2015, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza, que desenvolve a Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.

Educación Secundaria obrigatoria.

1º ESO.

Bloque 1. Expresión Plástica.

- 1.1. Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano.
- 1.2. Aprecio do uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións.
- 1.3. O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual.
- 1.4. Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade.
- 1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume.
- 1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.
- 1.7. Composición: elementos.
- 1.8. O ritmo na composición.
- 1.9. A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura substractiva.
- 1.10. Círculo cromático. Cores complementarias.
- 1.11. Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.
- 1.12. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.

Bloque 2. Comunicación Audiovisual.

- 2.1. Imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta.
- 2.2. Comunicación visual. Símbolos e iconas.
- 2.3. O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic.
- 2.4. Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela.
- 2.5. Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual.

Bloque 3. Debuxo Técnico.

- 3.1. Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares.
- 3.2. Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45°.
- 3.3. Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano.
- 3.4. Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis ou oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás.
- 3.5. Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas.
- 3.6. Trazado de ángulos con escuadra e cartabón.
- 3.7. Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares.
- 3.8. Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano.
- 3.9. Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás.
- 3.10. Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico no plano.
- 3.11. Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono.
- 3.12. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.
- 3.13. Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos.
- 3.14. Construción de triángulos.
- 3.15. Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos.
- 3.16. Triángulo rectángulo: características e construción dun.
- 3.17. Cuadriláteros: clasificación e propiedades.
- 3.18. Construción de cuadriláteros.
- 3.19. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.
- 3.20. Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.

3º ESO.

Bloque 1. Expresión Plástica.

- 1.1. Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.
- 1.2. O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva.
- 1.3. A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade.
- 1.4. O bosquexo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final.
- 1.5. Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento.
- 1.6. Temperatura da cor.
- 1.7. Simbolismo da cor.
- 1.8. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.

Bloque 2. Comunicación Audiovisual.

- 2.1. Percepción visual. Proceso perceptivo.
- 2.2. Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor.
- 2.3. Ilusións ópticas.
- 2.4. Leis ou principios da Gestalt.
- 2.5. Imaxe en movemento: posibilidades expresivas.
- 2.6. Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado.
- 2.7. Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe.
- 2.8. Denotación e connotación.

- 2.9. Fotografía. A fotografía como medio de comunicación.
- 2.10. Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos.
- 2.11. Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.
- 2.12. Publicidade: principais recursos visuais empregados nela.
- 2.13. Cine. O cine como medio de comunicación.
- 2.14. Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo.

Bloque 3. Debuxo Técnico.

- 3.1. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.
- 3.2. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.
- 3.3. Construción de polígonos regulares dado o lado.
- 3.4. Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias.
- 3.5. Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoides.
- 3.6. Propiedades e características das tanxencias en óvalos e ovoides.
- 3.7. Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características.
- 3.8. Redes modulares cadrada e triangular.
- 3.9. Concepto de simetría, xiro e traslación aplicado ás composicións modulares.
- 3.10. Representación obxectiva de sólidos. Introducción aos sistemas de medida e sistemas perspectivados. Vistas diédricas dun sólido.
- 3.11. Introducción ás axonometrías e ás súas características. Axonometría cabaleira aplicada a volumes sinxelos.
- 3.12. Axonometría isométrica aplicada a volumes sinxelos.

4ºESO.

Bloque 1. Expresión plástica.

- 1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.
- 1.2. Leis da composición.
- 1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza.
- 1.4. Cor como ferramenta simbólica.
- 1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais.
- 1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información na creación propias.
- 1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.
- 1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquejo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva).
- 1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.
- 1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes.
- 1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.

Bloque 2. Debuxo técnico.

- 2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo.
- 2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia.
- 2.3. Tanxencias e enlaces.
- 2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.
- 2.5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.
- 2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.
- 2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.
- 2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.
- 2.9. Perspectiva cónica central.

- 2.10. Perspectiva cónica oblicua.
- 2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista.
- 2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.

Bloque 3. Fundamentos do deseño.

- 3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.).
- 3.2. Fases do proceso de deseño.
- 3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos
- 3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico.
- 3.5. Campos de aplicación do deseño.
- 3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos.
- 3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc.
- 3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño.
- 3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño.
- 3.10. Planificación dun proxecto artístico.

Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia.

- 4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía.
- 4.2. Realización dun *storyboard*.
- 4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine.
- 4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías.
- 4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.
- 4.6. Creación dixital de imaxes.
- 4.7. Deseño dun proxecto publicitario.
- 4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal.
- 4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria.

Bacharelato.

1º BACH. DEBUXO TÉCNICO I.

Bloque 1. Xeometría e Debuxo Técnico.

- 1.1. Trazados xeométricos.
- 1.2. Instrumentos e materiais do debuxo técnico.
- 1.3. Recoñecemento da xeometría na natureza.
- 1.4. Identificación de estruturas xeométricas na arte.
- 1.5. Valoración da xeometría como instrumento para o deseño gráfico, industrial e arquitectónico.
- 1.6. Trazados fundamentais no plano.
- 1.7. Operacións con segmentos.
- 1.8. Mediatriz.
- 1.9. Paralelismo e perpendicularidade.
- 1.10. Determinación de lugares xeométricos. Aplicacións.
- 1.11. Elaboración de formas baseadas en redes modulares.
- 1.12. Circunferencia e círculo.
- 1.13. Ángulos.
- 1.14. Trazado de polígonos regulares.
- 1.15. Resolución gráfica de cuadriláteros e polígonos.
- 1.16. Representación de formas planas.
- 1.17. Trazado de formas proporcionais.
- 1.18. Resolución gráfica de triángulos.
- 1.19. Determinación, propiedades e aplicacións dos seus puntos notables.
- 1.20. Proporcionalidade e semellanza.
- 1.21. Análise de trazado de formas poligonais por triangulación, radiación e itinerario.

- 1.22. Construción e utilización de escalas gráficas.
 - 1.23. Transformacións xeométricas elementais: xiro, translación, simetría homotecia e afinidade. Identificación de invariantes. Aplicacións.
 - 1.24. Tanxencias e enlaces.
 - 1.25. Resolución de problemas básicos de tanxencias e enlaces. Aplicacións.
 - 1.26. Construción de curvas técnicas, óvalos, ovoides e espirais.
 - 1.27. Aplicacións da xeometría ao deseño arquitectónico e industrial.
 - 1.28. Xeometría e novas tecnoloxías.
 - 1.29. Aplicacións de debuxo vectorial en 2D.
 - 1.30. Exercicios de aplicación de trazado de tanxencias e enlaces.
- Bloque 2. Sistemas de representación.
- 2.1. Fundamentos dos sistemas de representación.
 - 2.2. Sistemas de representación na arte.
 - 2.3. Evolución histórica dos sistemas de representación.
 - 2.4. Sistemas de representación e debuxo técnico. Ámbitos de aplicación.
 - 2.5. Vantaxes e inconvenientes. Criterios de selección.
 - 2.6. Clases de proxección.
 - 2.7. Sistemas de representación e novas tecnoloxías.
 - 2.8. Aplicacións de debuxo vectorial en 3D.
 - 2.9. Sistema diédrico.
 - 2.10. Procedementos para a obtención das proxeccións diédricas.
 - 2.11. Disposición normalizada.
 - 2.12. Reversibilidade do sistema. Número de proxeccións suficientes.
 - 2.13. Representación e identificación de puntos, rectas e planos. Posicións no espazo. Paralelismo e perpendicularidade. Pertenza e intersección.
 - 2.14. Proxeccións diédricas de sólidos e espazos sinxelos.
 - 2.15. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude.
 - 2.16. Procedementos para a obtención e disposición das proxeccións diédricas.
 - 2.17. Visualización e debuxo a man alzada de axonometrías a partir das vistas principais de pezas sinxelas.
 - 2.18. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude.
 - 2.19. Sistema de planos cotados: aplicacións.
 - 2.20. Sistema axonométrico.
 - 2.21. Fundamentos do sistema. Disposición dos eixes e utilización dos coeficientes de redución.
 - 2.22. Sistema axonométrico ortogonal, perspectivas isométricas, dimétricas e trimétricas.
 - 2.23. Sistema axonométrico oblicuo: perspectivas cabaleiras e militares.
 - 2.24. Aplicación do óvalo isométrico como representación simplificada de formas circulares.
 - 2.25. Sistema cónico central.
 - 2.26. Elementos do sistema. Plano do cadro e cono visual.
 - 2.27. Determinación do punto de vista e orientación das caras principais.
 - 2.28. Paralelismo. Puntos de fuga. Puntos métricos.
 - 2.29. Representación simplificada da circunferencia.
 - 2.30. Sistema cónico oblicuo.
 - 2.31. Representación simplificada da circunferencia.
 - 2.32. Representación de sólidos nos diferentes sistemas
- Bloque 3. Normalización.
- 3.1. Elementos da normalización consonte a normativa.
 - 3.2. Proxecto: necesidade e ámbito de aplicación das normas.
 - 3.3. Formatos. Dobra de planos.
 - 3.4. Vistas. Liñas normalizadas.

- 3.5. Aplicacións da normalización.
- 3.6. Escalas. Cotación.
- 3.7. Debuxo industrial.
- 3.6. Escalas. Cotación.
- 3.8. Debuxo arquitectónico.
- 3.9. Cortes e seccións.

1º BACH. DEBUXO ARTÍSTICO I.

Bloque 1. O debuxo como ferramenta.

- 1.1. Diferentes modos de ver e debuxar. Debuxo e función.
- 1.2. Expresión da subxectividade.
- 1.3. Materiais, utensilios e soportes básicos.
- 1.4. Introducción ás técnicas secas e á súa aplicación.

Bloque 2. A liña e a forma.

- 2.1. Elementos básicos na configuración da forma. A liña como elemento configurador
- 2.2. A perspectiva intuitiva e a súa aplicación no debuxo artístico.

Bloque 3. A composición e os seus fundamentos.

- 3.1. Composición intuitiva. Concepto de equilibrio visual.
- 3.2. Psicoloxía da forma. Leis visuais que rexen as relacións entre as formas do cadro.

Bloque 4. A luz, o claroescuro e a textura.

- 4.1. A mancha como elemento configurador do volume. O claroescuro.
- 4.2. A construción das sombras. Valores tonais.
- 4.3. Iluminación. Tipos de luz e o seu comportamento.

Bloque 5. A cor.

- 5.1. Teoría da cor. Natureza. Dimensións e comportamento da cor.
- 5.2. Expresividade da cor.

2º BACH. DEBUXO TÉCNICO II.

Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico.

- 1.1. Resolución de problemas xeométricos.
- 1.2. Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións.
- 1.3. Construción de figuras planas equivalentes.
- 1.4. Relación entre os ángulos e a circunferencia. Arco capaz. Aplicacións.
- 1.5. Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Determinación e propiedades do eixe radical e do centro radical. Aplicación á resolución de tanxencias.
- 1.6. Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á resolución de tanxencias
- 1.7. Trazado de curvas cónicas e técnicas.
- 1.8. Curvas cónicas. Orixe, determinación e trazado da elipse, a parábola e a hipérbola.
- 1.9. Curvas técnicas. Orixe, determinación e trazado das curvas cíclicas e envolventes.
- 1.10. Resolución de problemas de pertenza, tanxencia e incidencia. Aplicacións.
- 1.11. Transformacións xeométricas. Aplicacións.
- 1.12. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións.
- 1.13. Afinidade. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras afíns. Construción da elipse afín a unha circunferencia.
- 1.14. Trazado de figuras planas complexas utilizando escalas e construcións auxiliares axeitadas.

Bloque 2. Sistemas de representación.

- 2.1. Punto, recta e plano no sistema diédrico.
- 2.2. Resolución de problemas de pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade.
- 2.3. Determinación da verdadeira magnitude de segmentos e formas planas.
- 2.4. Construción de figuras planas no sistema diédrico.

- 2.5. Abatemento de planos. Determinación dos seus elementos. Aplicacións.
- 2.6. Xiro dun corpo xeométrico. Aplicacións.
- 2.7. Cambios de plano. Determinación das novas proxeccións. Aplicacións.
- 2.8. Afinidade entre proxeccións.
- 2.9. Problema inverso ao abatemento.
- 2.10. Corpos xeométricos no sistema diédrico.
- 2.11. Representación de poliedros regulares. Posicións singulares.
- 2.12. Determinación das súas seccións principais
- 2.13. Representación de prismas e pirámides.
- 2.14. Representación de cilindros conos e esferas. Seccións planas.
- 2.15. Determinación de seccións planas e elaboración de desenvolvementos.
- 2.16. Interseccións.
- 2.17. Xiros, abatementos ou cambios de plano para determinar a verdadeira magnitude de elementos de pezas tridimensionais.
- 2.18. Sistemas axonométricos ortogonais.
- 2.19. Posición do triedro fundamental.
- 2.20. Relación entre o triángulo de trazas e os eixes do sistema.
- 2.21. Determinación de coeficientes de redución.
- 2.22. Tipoloxía das axonometrías ortogonais. Vantaxes e inconvenientes.
- 2.23. Representación de figuras planas.
- 2.24. Representación simplificada da circunferencia.
- 2.25. Representación de corpos xeométricos e espazos arquitectónicos. Seccións planas. Interseccións.

Bloque 3. Documentación gráfica de proxectos.

- 3.1. Elaboración de bosquexos, esbozos e planos.
- 3.2. Proceso de deseño ou fabricación: perspectiva histórica e situación actual.
- 3.3. Proxecto: tipos e elementos.
- 3.4. Planificación de proxectos.
- 3.5. Identificación das fases dun proxecto. Programación de tarefas.
- 3.6. Elaboración das primeiras ideas.
- 3.7. Tipos de planos: de situación, de conxunto, de montaxe, de instalación, de detalle, de fabricación ou de construción.
- 3.8. Presentación de proxectos.
- 3.9. Elaboración da documentación gráfica dun proxecto gráfico, industrial ou arquitectónico sinxelo.
- 3.10. Debuxo de bosquexos a man alzada e esquemas.
- 3.11. Elaboración de debuxos cotados.
- 3.12. Elaboración de esbozos de pezas e conxuntos.
- 3.13. Posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao deseño, á edición, ao arquivamento e á presentación de proxectos.
- 3.14. Debuxo vectorial 2D. Debuxo e edición de entidades. Creación de bloques. Visibilidade de capas.
- 3.15. Debuxo vectorial 3D. Inserción e edición de sólidos. Galerías e bibliotecas de modelos. Incorporación de texturas.
- 3.16. Selección do encadramento, a iluminación e o punto de vista.
- 3.17. Resolución de exercicios de debuxo técnico utilizando recursos informáticos.

2º BACH. DEBUXO ARTÍSTICO II.

Bloque 1. A forma. Estudo e transformación.

- 1.1. Percepción e descrición obxectiva da forma.
- 1.2. Modelo analítico e modelo sintético.
- 1.3. Retentiva e memoria visual. Consideracións mnemotécnicas.

Bloque 2. A expresión da subxectividade.

2.1. Psicoloxía da forma e a composición. Estudo e aplicación dos elementos compositivos que rexen a intención expresiva das creacións plásticas.

2.2. Comportamento e interrelación das formas tridimensionais no espazo.

2.3. Valor expresivo da luz e da cor.

2.4. Ruptura da tradición figurativa e nacemento de novas interpretacións da realidade.

Bloque 3. Debuxo e perspectiva.

3.1. Valoracións da aparencia formal respecto ao punto de vista perceptivo.

3.2. Representación da forma con fins expresivos.

Bloque 4. O corpo humano como modelo.

4.1. Análise da figura humana. Relacións de proporcionalidade.

4.2. Nocións básicas de anatomía artística.

4.3. Estudo e representación do movemento da figura humana.

4.4. Antropometría. Relacións da figura humana co espazo arquitectónico e co contorno natural.

Bloque 5. O debuxo no proceso creativo.

5.1. Técnicas secas máis comúns e a súa aplicación no proceso creativo.

5.2. Introducción ás técnicas húmidas e a súa aplicación no proceso creativo. Emprego das ferramentas TIC nos procesos creativos.

5.3. Actitude creativa

Secuenciación de contidos

Nos cursos 1º e 3º ESO comezase cos contidos bloque 3 (Debuxo técnico) para optimizar a coordinación cos contidos que recibe o alumnado na materia de matemáticas. Este bloque rematarase a mediados do segundo trimestre. Seguirase cos contidos do bloque 2 (Comunicación audiovisual). Cos contidos do Bloque 1 (Expresión plástica) traballárase durante todo o curso para aplicarlos ás distintas prácticas con que se traballarán os contidos dos bloques 1 e 2.

En 4º ESO comezase polo bloque 2 (Debuxo técnico) e seguirase cos contidos dos bloques 1, 3 e 4.

En bacharelato seguirase a orde de bloques e contidos disposta no Decreto do 25 de xuño de 2015.

6.- Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe avaliábeis, temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.

Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe correspondentes son os recollidos no Decreto do 25 de xuño de 2015, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza.

Educación Secundaria obrigatoria.

1º ESO

Bloque1. Expresión plástica.

- Identificar os elementos configuradores da imaxe.

1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer os elementos configuradores da imaxe.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

- Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.

1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Recoñecer o ritmo lineal nunha composición artística.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Experimentar autonomamente co concepto de ritmo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tomado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Empregar axeitadamente os lapis de grafito e de cor.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.

1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Expresar emocións mediante cores e claroscuros.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.

1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Recoñecer o esquema compositivo nunha obra de arte.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Aplicar correctamente distintos esquemas compositivos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Aplicar composicións modulares a deseños sinxelos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Compón bodegóns sinxelos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Experimentar coas cores primarias e secundarias.

1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as cores primarias e secundarias nas sínteses aditiva e substractiva.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

- Transcribir texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.

1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Aplicar distintas texturas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.

1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as distintas técnicas gráfico-plásticas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico-práctica.

1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Aplicar correctamente a técnica do claroscuro con lapis de grafito.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.7.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Aplicar correctamente a técnica das témperas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Aplicar autonomamente as posibilidades expresivas da colaxe.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Aplicar autonomamente as posibilidades expresivas da colaxe.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Aplicar autonomamente as posibilidades expresivas dos materiais.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Control diario do estado do espazo de traballo e do material.

Bloque 2. Comunicación Audiovisual.

- Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.

2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Recoñecer distintos graos de iconicidade.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico-práctica.

2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Recoñecer distintos graos de iconicidade.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico-práctica.

2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Crea autonomamente imaxes con distintos graos de icinidade.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significativa-significado: símbolos e iconas.

2.2.1. Distingue símbolos de iconas.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Distinguir símbolos e iconas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

2.2.2. Deseña símbolos e iconas.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Deseñar autonomamente símbolos e iconas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente.

2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Debuxar unha banda deseñada utilizando axeitadamente a súa linguaxe.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.

2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Recoñecer distintos graos de iconicidade.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

- Recoñecer as funcións da comunicación.

2.5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer os elementos da comunicación visual.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as distintas funcións das mensaxes audiovisuais.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

Bloque 3. Debuxo Técnico.

- Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.

3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Empregar correctamente os lapis nun debuxo técnico.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.

3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadro e cartabón con suficiente precisión.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Utilizar correctamente o escuadro e o cartabón.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.

3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Utiliza o compás con precisión.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.

3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer a construción dun hexágono regular inscrito nunha circunferencia.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.

3.5.1. Identifica os ángulos de 30° , 45° , 60° e 90° no escuadro e no cartabón.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer os ángulos do escuadro e o cartabón.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico-práctica.

- Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medidos.

3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Sumar e restar ángulos positivos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

- Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción.

3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar a bisectriz dun ángulo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

- Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.

3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Diferenciar entre recta e segmento.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

- Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.

3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadro e cartabón.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar a mediatriz dun segmento.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

- Estudar as aplicacións do teorema de Tales.

3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Tales.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Dividir un segmento en partes iguais.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

3.10.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Tales.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Escalar un polígono.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

- Coñecer lugares xeométricos e defínilos.

3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Recoñecer os lugares xeométricos máis comúns.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico-práctica.

- Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.

3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Recoñecer un triángulo equilátero, isósceles ou rectángulo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

- Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).

3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Construír triángulos dados os tres lados utilizando o compás.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

- Analizar as propiedades de puntos e rectas característicos dun triángulo.

3.14.1. Determina o baricentro, incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Recoñecer os puntos e rectas notábeis dun triángulo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

- Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplicarlas con propiedade á construción destes.

3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Distinguir entre cateto e hipotenusa dun triángulo rectángulo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

- Coñecer os tipos de cuadriláteros.

3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Recoñecer un paralelogramo e un trapecio.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

- Executar as construcións máis habituais de paralelogramos.

3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Traza calquer cuadrilátero mediante triangulación.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

- Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.

3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Distinguir os polígonos regulares e irregulares.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

- Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.

3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Traza triángulos equiláteros, cadrados e o pentágonos inscritos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

3º ESO.

Bloque 1. Expresión plástica.

- Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.

1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Crear composicións sinxelas autonomamente.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Crear deseños gráficos sinxelos con autonomía.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.

1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as fases dun proxecto creativo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.

1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquexos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Debuxar con distintos niveis de iconicidade unha mesma imaxe.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.

1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as cores primarias e secundarias nas sínteses aditiva e substractiva.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

1.4.2. Representa con claroescuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Aplicar correctamente o claroescuro en composicións sinxelas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Expressar sensacións mediante a cor e o claroescuro dun xeito autónomo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.

1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as técnicas gráfico plásticas secas e húmidas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroescuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Utiliza o lapis de grafito e os lapis de cores axeitadamente.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Utiliza as témperas axeitadamente.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Aplicar autonomamente as posibilidades expresivas da colaxe.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Aplicar autonomamente as posibilidades expresivas da colaxe.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Aplicar autonomamente as posibilidades expresivas dos materiais.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Control diario do estado do espazo de traballo e do material.

Bloque 2. Comunicación audiovisual.

- Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes.

2.1.1. Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Identificar os elementos que interveñen no proceso da percepción de imaxes.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

- Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias.

2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as principais leis visuais da Gestalt.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Aplicar as leis da Gestalt a obras propias.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas.

2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Identificar signifiante e significado nun signo visual.

2.4.1. Distingue signifiante e significado nun signo visual.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Identificar signifiante e significado nun signo visual.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

- Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo.

2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer os elementos obxectivos nunha imaxe.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer os elementos subxectivos nunha imaxe.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

- Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta.

2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer os distintos tipos de encuadres.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Realizar fotografías co encuadre axeitado dun xeito autónomo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.

2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Elaborar mensaxes visuais autonomamente.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.

2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer os distintos recursos visuais presentes na publicidade.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

- Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria.

2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Elaborar unha mensaxe publicitaria utilizando figuras retóricas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto histórico e sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra.

2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Analizar filmes de xeito crítico, descubriendo a mensaxe da obra.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

- Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este.

2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Elaborar unha presentación dun tema.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

Bloque 3. Debuxo Técnico.

- Coñecer lugares xeométricos e defínilos.

3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Recoñecer os lugares xeométricos máis comúns.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

- Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.

3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Diferenciar entre polígonos regulares e irregulares.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

- Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.

3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata 5 lados, coñecendo o lado.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Coñecer o método de construción dun pentágono regular dado o lado.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

- Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces.

3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Aplicar correctamente a propiedade de tanxencia entre circunferencias.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Aplicar correctamente a propiedade de tanxencia entre rectas e circunfs.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

- Comprender a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias.

3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Trazar un óvalo regular dado o diámetro maior.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

- Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoides.

3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Trazar un ovoide dado o diámetro maior .

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

- Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros.

3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Trazar espirais aplicando as propiedades das tanxencias.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

- Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.

3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Aplicar as transformacións xeométricas para o deseño gráfico.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais.

3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Comprender o concepto de proxección e trazar as vistas dun obxecto sinxelo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Comprender e practicar o procedemento da perspectiva cabaleira aplicada a volumes elementais.

3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar a perspectiva cabaleira dun corpo xeométrico sinxelo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Comprender e practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volumes sinxelos.

3.11.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente o escuadro e o cartabón para o trazado de paralelas.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar a perspectiva isométrica dun corpo xeométrico sinxelo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

4º ESO.

Bloque 1. Expresión plástica.

- Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades ex-presivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.

1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Realizar composicións creativas autonomamente.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.

1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as distintas técnicas de composición.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Recoñecer as liñas de forza nunha imaxe.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Modificar a subxectividade dunha imaxe por medio da cor.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Escoller os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización.

1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as técnicas gráfico plásticas secas e húmidas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Control diario do estado do espazo de traballo e do material.

- Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.

1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Realizar proxectos plásticos autonomamente e respectando as súas fases.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.

1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Recoñecer as técnicas gráfico plásticas utilizadas nunha obra de arte.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Recoñecer o estilo e a época de obras de arte significativas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

Bloque 2. Debuxo técnico.

- Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.

2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Diferenciar as distintas funcións do debuxo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar cuadriláteros e polígonos regulares dado o lado ou inscritos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Resolver problemas de enlaces aplicando as propiedades das tanxencias.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Crear deseños xeométricos sinxelos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

- Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.

2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Visualizar formas sinxelas dadas polas súas vistas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar as vistas diédricas de corpos xeométricos sinxelos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar perspectivas cabaleiras e isométricas de corpos xeométricos sinxelos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar perspectivas frontais e oblicuas de corpos xeométricos sinxelos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

- Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.

2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Utilizar programas de debuxo asistido por computador para deseños sinxelos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

Bloque 3. Fundamentos do deseño.

- Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.

3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer os elementos da comunicación visual.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Recoñece obxectos deseñados na súa contorna.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

- Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.

3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñece as distintas familias do deseño.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

- Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.

3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Realizar deseños sinxelos con composicións modulares.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa

Temporalización: 3 sesións.

Grao mínimo de consecución: Elaborar un logotipo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Realizar un proxecto de deseño industrial.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.

Temporalización: 3 sesións.

Grao mínimo de consecución: Utilizar o debuxo asistido por computador para representar un deseño propio.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Comenta criticamente os deseños realizados polos seus compañeiros.

Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia.

-Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.

4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Recoñecer os tipos de encadre nun filme.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Realizar un guión técnico para unha secuencia cinematográfica.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades
- 4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.
Temporalización: 3 sesións.
Grao mínimo de consecución: Recoñecer as distintas angulacións e os movementos de cámara nun filme.
Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico-práctica.
- 4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.
Temporalización: 3 sesións.
Grao mínimo de consecución: Realizar fotografías utilizando diversos encuadres para expresar sentimentos.
Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.
- 4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.
Temporalización: 1 sesión.
Grao mínimo de consecución: Recoñecer as finalidades do fotoxornalismo.
Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico-práctica.
- Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.
- 4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.
Temporalización: 3 sesións.
Grao mínimo de consecución: Utilizar programas de tratamento de imaxes.
Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.
- 4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.
Temporalización: 3 sesións.
Grao mínimo de consecución: Proxectar un deseño publicitario utilizando diferentes recursos.
Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.
- 4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.
Temporalización: 1 sesión.
Grao mínimo de consecución: Recoñecer as fases do proceso creativo.
Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico-práctica.
- Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.
- 4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.
Temporalización: 1 sesión.
Grao mínimo de consecución: Recoñecer os recursos utilizados na linguaxe publicitaria.
Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico-práctica.

1º BACH. DEBUXO TÉCNICO.

Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico.

- Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente.
- 1.1.1. Deseña, modifica ou reproduce formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.
Temporalización: 2 sesións.
Grao mínimo de consecución: Utilizar axeitadamente o lapis (distinguindo liñas auxiliares e solucións).
Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.
- 1.1.2. Determina coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano, e comproba graficamente o cumprimento das condicións establecidas.
Temporalización: 2 sesións.
Grao mínimo de consecución: Trazar os principais lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, arco capaz).
Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.
- 1.1.3. Relaciona as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións.
Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as rectas e puntos notábeis dos triángulos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

1.1.4. Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identifica as súas posibles aplicacións.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as relacións entre os ángulos da circunferencia.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

1.1.5. Resolve triángulos coa axuda de regra e compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado.

Temporalización: 3 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar triángulos aplicando as propiedades das súas rectas e puntos notábeis e o concepto de arco capaz.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

1.1.6. Deseña, modifica ou reproduce cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar cuadriláteros por triangulación e polígonos regulares inscritos nunha circunferencia ou coñecido o lado aplicando as súas construcións exactas ou ben os métodos xerais.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

1.1.7. Reproduce figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente en función da apreciación establecida e utilizándoa coa precisión requirida.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Construír escalas gráficas coa apreciación máxima establecida.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

1.1.8. Comprende as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplícaas para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Aplicar as transformacións xeométricas elementais no deseño gráfico.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Debuxar curvas técnicas e figuras planas compostas por circunferencias e liñas rectas, aplicando os conceptos fundamentais de tanxencias, resaltar a forma final determinada e indicar graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.

1.2.1. Identifica as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as propiedades básicas das tanxencias.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

1.2.2. Resolve problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás, aplicando con rigor e exactitude as súas propiedades intrínsecas, e utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Resolver trazados básicos de tanxencias e enlaces a partir das propiedades das tanxencias e os conceptos xeométricos de distancia e lugar xeométrico.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

1.2.3. Aplica os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar óvalos e ovoides dados un ou dous eixos e espirais de un a cinco centros aplicando as propiedades das tanxencias.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

1.2.4. Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando gra-

ficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Reproducir figuras planas que conteñan enlaces entre circunferencias ou entre rectas e circunferencias a partir dun bosquejo previo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

Bloque 2. Sistemas de representación.

- Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se desexe amosar e dos recursos dispoñibles.

2.1.1. Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Comprender o concepto de proxección e coñecer os distintos sistemas de representación.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

2.1.2. Establece o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as aplicacións de cada sistema de representación.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

2.1.3. Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo, analizando a complexidade da súa forma, a finalidade da representación, a exactitude requirida e os recursos informáticos dispoñibles.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as vantaxes e inconvenientes de cada sistema de representación para definir obxectos ou espazos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

2.1.4. Comprende os fundamentos do sistema diédrico e describe os procedementos de obtención das proxeccións e a súa disposición normalizada.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Comprender a proxección cilíndrica ortogonal como fundamento do sistema diédrico.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

2.1.5. Comprende o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionalismos e notacións coas proxeccións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude.

Temporalización: 8 sesións.

Grao mínimo de consecución: Representar puntos, rectas e planos no sistema diédrico e resolver problemas sinxelos de pertenza, intersección e verdadeira magnitude.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

2.1.6. Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoñendo as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.

Temporalización: 12 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar axeitadamente as proxeccións diédricas de figuras tridimensionais.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

2.1.7. Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías convencionais (isometrías e cabaleiras).

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Visualiza mediante perspectivas a man alzada formas tridimensionais sinxelas dadas polas súas vistas diédricas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

2.1.8. Determina seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelos, visualizando intuitivamente a súa posición mediante perspectivas a man alzada, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.

Temporalización: 8 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar as proxeccións diédricas de seccións planas de figuras sinxelas xeradas por planos proxectantes.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

- Representar formas tridimensionais sinxelas a partir de perspectivas, fotografías, pezas reais ou espazos do contorno próximo, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados, dispoñendo de acordo coa norma as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.

2.2.1. Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Comprender o funcionamento do sistema de planos cotados como unha simplificación do sistema diédrico e obter os perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

- Debuxar perspectivas de formas tridimensionais a partir de pezas reais ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, seleccionando a axonometría axeitada ao propósito da representación, dispoñendo a posición dos eixes en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e utilizando, de ser o caso, os coeficientes de redución determinados.

2.3.1. Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar isometrías de figuras dadas polas súas proxeccións diédricas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

2.3.2. Realiza perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar perspectivas cabaleiras e militares de figuras dadas polas súas proxeccións diédricas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Debuxar perspectivas cónicas de formas tridimensionais a partir de espazos do contorno ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, e valorar o método seleccionado, considerando a orientación das caras principais respecto do plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final.

2.4.1. Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Distinguir a perspectiva cónica frontal da oblícuca e determinar en cada caso o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar perspectivas cónicas frontais de figuras dadas polas súas proxeccións diédricas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar perspectivas cónicas oblicuas de figuras dadas polas súas proxeccións diédricas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

Bloque 3. Normalización.

- Valorar a normalización como convencionalismo para a comunicación universal que permite simplificar os métodos de produción, asegurar a calidade dos produtos, posibilitar a súa distribución e garantir a súa utilización polo destinatario final.

3.1.1. Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Describir os obxectivos e ámbitos de aplicación das normas UNE, EN e ISO.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

- Aplicar as normas nacionais, europeas e internacionais relacionadas cos principios xerais de representación, formatos, escalas, cotación e métodos de proxección ortográficos e axonométricos, considerando o debuxo técnico coma linguaxe universal, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe e utilizándoo de forma obxectiva para a interpretación de planos técnicos e a elaboración de bosquexos, esquemas, esbozos e planos.

3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Utilizar axeitadamente as escalas gráficas normalizadas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

3.2.2. Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Aplicar correctamente as normas UNE na descrición de pezas industriais.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

3.2.3. Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.

Temporalización: 8 sesións.

Grao mínimo de consecución: Cotar correctamente pezas industriais sinxelas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

3.2.4. Cota espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Cotar correctamente espazos arquitectónicos sinxelos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

3.2.5. Representa obxectos con ocós mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Representar correctamente cortes e seccións.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

Bloque 1. O debuxo como ferramenta.

- Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e fin en si mesmo, a través da historia da arte, no proceso creativo, con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos

1.1.1. Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as.

Temporalización: 3 sesións.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as distintas aplicacións do debuxo artístico a través da historia.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

1.1.2. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Utilizar axeitadamente a linguaxe propia do debuxo artístico.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

- Utilizar con criterio os materiais e a terminoloxía específica.

1.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Coñecer os materiais e os procedementos do debuxo artístico.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

- Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios.

1.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Comprobarase durante todo o curso.

1.3.2. Aмосa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e al-leo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Comprobarase durante todo o curso.

Bloque 2. Liña e forma.

- Describir graficamente obxectos naturais ou artificiais, amosando a comprensión da súa estrutura interna.

2.1.1. Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.

Temporalización: 8 sesións.

Grao mínimo de consecución: Utilizar axeitadamente a liña para a descrición gráfica de obxectos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

2.1.2. Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.

Temporalización: 8 sesións.

Grao mínimo de consecución: Distinguir os procedementos gráficos necesarios para representar as formas naturais e artificiais dun xeito analítico (descritivo) ou expresivo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Empregar a liña para a configuración de formas e transmisión de expresividade.

2.2.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.

Temporalización: 8 sesións.

Grao mínimo de consecución: Representar correctamente obxectos desde distintos puntos de vista.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

2.2.2. Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.

Temporalización: 8 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar correctamente as liñas estruturais dun obxecto como paso previo para a súa representación final.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

Bloque 3. A composición e os seus fundamentos.

- Elaborar composicións analíticas, descritivas e expresivas con diferentes graos de iconicidade.

3.1.1. Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade

Temporalización: 8 sesións.

Grao mínimo de consecución: Realizar composicións con distintos graos de iconicidade.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Aplicar as leis básicas da percepción visual ao representar distintos volumes xeométricos ou orgánicas dentro dun espazo compositivo, atendendo ás proporcións e á perspectiva.

3.2.1. Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.

Temporalización: 3 sesións.

Grao mínimo de consecución: Aplicar as leis básicas da percepción visual a deseños gráficos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

Bloque 4. O claroescuro e a textura.

- Representar o volume de obxectos e espazos tridimensionais mediante a técnica do claroescuro.

4.1.1. Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.

Temporalización: 9 sesións.

Grao mínimo de consecución: Representar o volume mediante o claroescuro.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Valorar a influencia da luz como configuradora de formas e o seu valor expresivo.

4.2.1. Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explica verbalmente eses valores en obras propias e alleas.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer a utilización da luz como valor expresivo nunha composición.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico-práctica.

- Explorar as posibilidades expresivas da textura visual e o claroescuro

4.3.1. Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Representa diferentes texturas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

Bloque 5. A cor.

- Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos sobre a cor e as relacións cromáticas, tanto na expresión gráfico-plástica como na análise de diversas manifestacións artísticas.

5.1.1. Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e croma-ton) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.

Temporalización: 12 sesións.

Grao mínimo de consecución: Coñecer e utilizar as dimensións da luz en composicións propias.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

5.1.2. Demostra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer os fundamentos teóricos da cor e a súa.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico-práctica.

5.1.3. Aplica de maneira expresiva a cor na obra plástica persoal.

Temporalización: 12 sesións.

Grao mínimo de consecución: Usar axeitadamente a cor en composicións propias utilizando as técnicas dos lapis de cores e pasteis.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

5.1.4. Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer o uso da cor na historia do debuxo e a pintura.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

5.1.5. Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.

Temporalización: 12 sesións.

Grao mínimo de consecución: Representar as cores a partir da observación do natural.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

2º BACH. DEBUXO TÉCNICO.

Bloque1. Xeometría e debuxo técnico.

- Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.

1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Identificar a estrutura xeométrica de pezas a partir das súas vistas diédricas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión.

Temporalización: 3 sesións.

Grao mínimo de consecución: Comprender e aplicar o concepto de potencia e os lugares xeométricos eixo radical e centro radical.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.

Temporalización: 3 sesións.

Grao mínimo de consecución: Transformar por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analoxía noutros problemas máis sinxelos.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Comprender as distintas estratexias utilizadas en xeometría para resolver problemas complexos de tanxencias.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Resolver problemas de tanxencias aplicando os conceptos de eixo radical e centro radical.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

- Debuxar curvas cíclicas e cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia.

1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.

Temporalización: 3 sesións.

Grao mínimo de consecución: Coñecer a orixe das curvas cónicas e as súas definicións como lugares xeométricos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.

Temporalización: 3 sesións.

Grao mínimo de consecución: Resolver problemas de tanxencias entre rectas e curvas cónicas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia.

Temporalización: 3 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazado de curvas cónicas por puntos partindo de calquera combinación de datos (eixos, focos, circunferencia focal, asíntotas, rectas tanxentes, directriz).

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

- Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización.

1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Transformar figuras planas por homoloxía coñecendo o eixo e o centro de homoloxía e un punto transformado.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Transformar figuras planas por afinidade coñecendo o eixo de afinidade e un punto transformado.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

1.3.3. Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar a partir dun bosquejo figuras planas complexas que conteñan rectas e circunferencias tanxentes e formas poligonais.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

Bloque 2. Sistemas de representación.

- Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relacións métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estra-texia idónea que solucione os problemas de representación de corpos ou espazos tridimensionais.

2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.

Temporalización: 8 sesións.

Grao mínimo de consecución: Resolver problemas de pertenzas, posición, paralelismo, perpendicularidade e verdadeira magnitude en sistema diédrico.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico-práctica.

2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Representar figuras planas contidas en planos oblícuos aos de proxección utilizando o desabatemento.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Calcular a verdadeira magnitude dun segmento ou situar unha lonxitude determinada nunha recta non paralela aos planos de proxección mediante xiros e calcular a verdadeira magnitude de ángulos e figuras planas mediante abatements.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Representar un cubo apoiado nun plano oblícuo e calquer poliedro regular apoiado non plano horizontal.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

- Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman.

2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Representar cilindros e conos de revolución apoiados no plano horizontal.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar a intersección dun plano cun prisma, un cilindro, un cono ou unha esfera, calculando a verdadeira magnitude da sección plana resultante mediante un abatemento.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Determinar os puntos de entrada e saída dunha recta que intersecciona cun corpo xeométrico e calcular a verdadeira magnitude do segmento resultante mediante xiros.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Desenvolver prismas, cilindros e conos de revolución mediante abatements e xiros.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

- Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispoño a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais.

2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer os fundamentos da axonometría ortogonal.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico práctica.

2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoño a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.

Temporalización: 8 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar axonometrías de corpos definidos polas súas proxeccións diédricas aplicando os coeficientes de redución normalizados cando os houber.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Calcular a intersección dun plano cun poliedro representado en isométrie ou en perspectiva cabaleira.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula e proba teórico práctica.

Bloque 3. Documentación gráfica de proxectos.

- Elaborar bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.

3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Elaborar os planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Recoñecer a forma e as proporcións dun obxecto a partir das súas proxeccións diédricas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.

Temporalización: 2 sesións.

Grao mínimo de consecución: Definir un obxecto mediante bosquexos a man alzada e esbozos acotados.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoño as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Trazar os bosquexos a man alzada, as vistas, os cortes e as seccións necesarias para definir unha peza industrial ou un obxecto arquitectónico tomando as medidas directamente da realidade.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Presentar de xeito individual e colectivo os bosquexos, os esbozos e os planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.

3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer os programas dispoñíbeis libremente para o debuxo asistido por computador.

3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispendo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade.

Temporalización: 4 sesións.

Grao mínimo de consecución: Representa as vistas diédricas dun obxecto industrial ou arquitectónico mediante un programa de debuxo vectorial 2D.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Representa unha perspectiva dun obxecto industrial ou arquitectónico utilizando un programa de creación de modelos en 3D.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Durante todo o curso valorarase a presentación correcta dos traballos propostos.

2º BACH. DEBUXO ARTÍSTICO.

Bloque 1. A forma. Estudo e transformación.

- Desenvolver a destreza debuxística condistintos niveis de iconicidade.

1.1.1. Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subxectivas).

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Ser capaz de representar un mesmo tema con distintos graos de iconicidade.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Interpretar unha forma ou un obxecto segundo as súas intencións comunicativas.

1.1.2. Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita.

Temporalización: 3 sesións.

Grao mínimo de consecución: Representar unha forma natural ou artificial descubrindo a súa estrutura básica como paso previo.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

Bloque 2. A expresión da subxectividade.

- Desenvolver a capacidade de representación das formas mediante a memoria e a retentiva visual.

2.1.1. Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.

Temporalización: 3 sesións.

Grao mínimo de consecución: Ser capaz de representar formas utilizando a memoria e a retentiva visual, aprendendo a ver.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Elaborar imaxes con distintas funcións expresivas utilizando a memoria e a retentiva visual.

2.2.1. Expresa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas).

Temporalización: 3 sesións.

Grao mínimo de consecución: Expresar sentimentos autonomamente mediante a linguaxe gráfico-plástica.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Representar unha mesma composición variando os valores lumínicos, cromáticos e compositivos.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Investigar sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico-plástica.

2.3.1. Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Recoñecer os valores subxectivos nunha obra de arte.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba teórico-práctica.

Bloque 3. Debuxo e perspectiva.

- Representar graficamente con diferentes niveis de iconicidade, as formas, illadas ou nunha composición, o contorno inmediato, interiores e exteriores, expresando as características espaciais e de proporcionalidade, e valores lumínicos e cromáticos.

3.1.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.

Temporalización: 3 sesións.

Grao mínimo de consecución: Representar unha mesma forma variando o punto de vista.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Representar a contorna inmediata (interiores e exteriores) mediante a perspectiva frontal ou oblícuca.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Representar obxectos illados ou non descubriendo a súa estrutura formal básica, a súa posición relativa e as proporcións relativas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

Bloque 4. O corpo humano como modelo.

- Analizar as relacións de proporcionalidade da figura humana.

4.1.1. Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as representacións da figura humana dos/das os artistas máis representativos da historia da pintura e o debuxo e as variacións do canon de beleza en cada época e cultura.

4.1.2. Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer as relacións de proporcionalidade do corpo humano.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Representar a figura humana e o seu contorno, identificando as relacións de proporcionalidade entre o conxunto e as súas partes.

4.2.1. Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Representar a figura humana aplicando as relacións de proporcionalidade entre o todo e as partes.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Experimentar cos recursos gráfico-plásticos para representar o movemento e a expresividade da figura humana.

4.3.1. É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Representar a figura humana en movemento.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

4.4.1. Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Utilizar axeitadamente as técnicas gráficas máis utilizadas na historia da pintura para a representación da figura humana como o lapis de grafito, o carbón, a sanguina e os pasteis.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

Bloque 5. O debuxo no proceso creativo.

- Coñecer e aplicar as ferramentas dixitais de debuxo e as súas aplicacións na creación gráfico-plástica.

5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos.

Temporalización: 6 sesións.

Grao mínimo de consecución: Coñecer e aplicar as ferramentas dixitais libres na creación gráfico plástica.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Prácticas na aula.

- Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvolver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos, así como as posibilidades das TIC.

5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.

Temporalización: 1 sesión.

Grao mínimo de consecución: Coñecer a importancia do debuxo artístico en disciplinas como o deseño gráfico e de moda, a ilustración natural e outras.

5.2.2. Demostra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Durante todo o curso valorarase a autonomía e creatividade nas creacións gráfico plásticas.

5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as.

5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Durante todo o curso valorarase a utilización da terminoloxía específica da área.

5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Durante todo o curso valorarase a utilización dos materiais e procedementos máis idóneos para expresarse artisticamente.

- Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios.

5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Durante todo o curso valorarase o coidado do espazo de traballo e do material.

7.- Mínimos esixíbeis para superar a materia

1º ESO.

- Expresarse axeitadamente utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.
- Aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.
- Coñecer as cores primarias e secundarias.
- Representar texturas mediante diversas técnicas.
- Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.
- Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante-significado: símbolos e iconas.
- Realizar bandas deseñadas aplicando os recursos de adecuadamente.
- Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón.
- Diferenciar claramente entre recta e segmento. Trazar a mediatriz dun segmento.
- Dividir segmentos en partes iguais mediante o teorema de Thales.
- Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).
- Coñecer os tipos de cuadriláteros e executar as construcións máis habituais.
- Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares e construír polígonos regulares inscritos na circunferencia.
- Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos. Trazar a bisectriz dun ángulo.
- Sumar e restar ángulos.
- Expresarse utilizando a linguaxe da banda deseñada.
- Coñecer os feitos artísticos contemporáneos e os que compoñen o patrimonio cultural galego.

3º ESO.

- Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.
- Coñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias.
- Identificar significante e significado nun signo visual.
- Realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta linguaxe.
- Coñecer os recursos visuais, como as figuras retóricas, utilizadas na linguaxe da publicidade.
- Coñecer a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto histórico e sociocultural.
- Coñecer lugares xeométricos e definilos.
- Coñecer e trazar os puntos e rectas notábeis dun triángulo.
- Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares. Construír polígonos regulares dado o lado.
- Resolver problemas sinxelos de tanxencias entre rectas e circunferencias e de circunferencias entre si.
- Coñecer os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.
- Describir graficamente unha forma tridimensional simple.
- Representar e compoñer axeitadamente un conxunto de obxectos buscando distintas alternativas na organización das formas.
- Recoñecer obras e artistas do patrimonio cultural galego.

4º ESO.

- Realizar bosquexos de obxectos tridimensionais mediante a axonometría a man alzada, seleccionando o tipo de liña, textura e sombreado axeitados á finalidade expresiva da representación.

- Coñecer os fundamentos dos sistemas de representación.
- Describir graficamente obxectos tridimensionais mediante os distintos sistemas de representación.
- Identificar e clasificar obxectos en función da familia ou a rama do deseño.
- Realizar un proxecto, seleccionando, entre os distintos procedementos gráficos, o máis axeitados.
- Coñecer os fundamentos da linguaxe do cine.
- Coñecer as principais características da arquitectura popular galega.
- Relacionar artistas e movementos de vangarda do século XX. Recoñecer obras e artistas galegos do século XX.

1º BACH. Debuxo Técnico.

- Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro.
- Debuxar curvas técnicas e figuras planas compostas por circunferencias e liñas rectas, aplicando os conceptos fundamentais de tanxencias, resaltar a forma final determinada e indicar graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.
- Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto.
- Representar formas tridimensionais sinxelas a partir de perspectivas, fotografías, pezas reais ou espazos do contorno próximo, utilizando o sistema diédrico.
- Debuxar perspectivas de formas tridimensionais a partir de pezas reais ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, seleccionando a axonometría axeitada ao propósito da representación, dispoñendo a posición dos eixes en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e utilizando, de ser o caso, os coeficientes de redución determinados.
- Debuxar perspectivas cónicas de formas tridimensionais a partir de espazos do contorno ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, e valorar o método seleccionado, considerando a orientación das caras principais respecto do plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final.
- Aplicar as normas estatais, europeas e internacionais relacionadas cos principios xerais de representación, formatos, escalas, cotación e métodos de proxección ortográficos e axonométricos.

1º BACH. Debuxo Artístico.

- Coñecer a importancia do debuxo artístico e as súas manifestacións a través da historia.
- Empregar a terminoloxía específica aplicada a producións propias ou alleas.
- Utilizar axeitadamente materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado.
- Utilizar a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento e espazo.
- Representar as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais.
- Representar o volume, o espazo e a textura mediante valores lumínicos.
- Representar os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.

2º BACH. Debuxo Técnico.

- Resolver problemas sinxelos de proporcionalidade, utilizando o Th de Tales ou o Th da altura dun triángulo rectángulo.
- Resolver problemas de configuración de formas poligonais no plano.
- Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.
- Debuxar curvas cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia.
- Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación.
- Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman.
- Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos.
- Debuxar perspectivas cónicas de formas tridimensionais a partir das súas proxeccións ortogonais.

2º BACH. Debuxo Artístico.

- Desenvolver a destreza debuxística con distintos niveis de iconicidade.
- Interpretar unha forma ou un obxecto segundo as súas intencións comunicativas.
- Elaborar imaxes con distintas funcións expresivas utilizando a memoria e a retentiva visual.
- Representar graficamente con diferentes niveis de iconicidade, as formas, illadas ou nunha composición, o contorno inmediato, interiores e exteriores, expresando as características espaciais e de proporcionalidade, e valores lumínicos e cromáticos.
- Analizar as relacións de proporcionalidade da figura humana.
- Representar a figura humana e o seu contorno, identificando as relacións de proporcionalidade entre o conxunto e as súas partes.
- Representar o movemento e a expresividade da figura humana.

8- Procedementos e instrumentos de avaliación **Educación Secundaria Obrigatoria.**

Valorarase a evolución das alumnas e dos alumnos a partir da avaliación inicial. A cualificación farase sobre as prácticas realizadas na aula, avaliándose: capacidade de expresión artística, creatividade, nivel de utilización dos materiais a partir da avaliación inicial, dominio do vocabulario específico, comprensión dos conceptos básicos da xeometría plana e proxectiva e coñecemento da historia da evolución da expresión plástica en Galiza e no mundo.

Realizarase unha proba teórico- práctica para comprobar que o alumnado acadou os contidos mínimos exixíbeis en cada nivel.

Bacharelato.

A cualificación farase sobre prácticas realizadas na aula e probas prácticas (avaliándose a comprensión dos conceptos básicos da xeometría plana e proxectiva, a capacidade de expresar graficamente un produto ou un obxecto, coa información necesaria para a súa posible fabricación e a capacidade para dar distintos tratamentos ou aplicar diferentes recursos gráficos ou informáticos en función do tipo de debuxo que se vai realizar e das súas finalidades.

9.- Metodoloxía didáctica

Educación Secundaria Obrigatoria.

A continuación sinálanse algúns procedementos que poden axudar a lograr os obxectivos propostos:

- Cómpre que a didáctica da área parta da apreciación do máis cercano (a beleza natural da comarca, a arquitectura tradicional, a artesanía ...) Trátase de que o alumnado asimile e dea valor ao contorno visual e plástico no que vive. Nesta interacción co contorno teñen un papel destacado as manifestacións da arte popular, de xeito que a súa análise e aprezo serán un factor determinante na educación da sensibilidade artística.
- Moitas das actividades programadas están relacionadas con exemplos concretos de deseño gráfico e deseño industrial e arquitectónico como un xeito de motivar ao alumnado ao mostrarlle a utilidade da expresión plástica e o debuxo técnico na sociedade industrial actual.
- No estudo da historia do deseño e da historia da arte, partírase sempre de exemplos galegos para, posteriormente, xeneralizalo. Deste xeito preténdese que o alumnado valore a súa cultura nacional e a relacione coa cultura mundial. Utilizarase con frecuencia as ferramentas informáticas, tanto na observación de feitos artísticos mediante presentacións de diapositivas como no uso de internet para visitas virtuais a museos, exposicións, ...
- Traballarase coas novas tecnoloxías dixitais de expresión gráfica (cámaras fotográficas dixitais, cámaras de vídeo dixital, programas de computador de deseño gráfico e de debuxo asistido por computador, ...)
- Ao longo do curso, dentro de cada unidade didáctica, faranse propostas de actividades diferenciadas para adaptarse ás motivacións, intereses e necesidades dos alumnos e alumnas. A diversidade do alumnado, exige asumir as diferenzas no interior do grupo de clase como algo característico da actividade pedagóxica.
- Tendo en conta a situación socioeconómica de grande parte do alumnado, non se exixirá un material moi sofisticado para a realización das prácticas.
- Na medida do posíbel, as actividades propostas serán realizadas na aula, dentro do horario lectivo, xa que moitos dos alumnos carecen de lugares axeitados nas súas casas.
- Utilizarase sistematicamente a lingua galega tanto na linguaxe técnica como artística, demostrando que é útil e axeitada para todos os ámbitos.

Bacharelato.

- Relacionar a teoría coa práctica, buscando a aplicación do aprendido.
- Traballar con casos prácticos encamiñados á resolución de problemas reais, presentes na vida cotiá.
- Propiciar o traballo en grupo, respectando a iniciativa e creatividade de cada unha das persoas que o compoñen.
- Uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, tanto para a busca e selección de informacións específicas como para a elaboración de proxectos creativos.
- Potenciar a flexibilidade na elección de tratamentos ou recursos gráficos na resolución de proxectos.
- Incidir na necesidade do esforzo e tenacidade para o logro de destrezas e precisión nos obxectivos previstos.
- Utilizarase sistematicamente a lingua galega, demostrando que é útil e axeitada para todos os ámbitos.

10.- Materiais e recursos didácticos

Cóntase cunha aula axeitada. Utilizaranse como recursos didácticos: computador portátil, proxector, monografía dos máis sobranceiros artistas gráficos galegos contemporáneos, enciclopedia de arte galega, *internet*, cámara de vídeo, cámara fotográfica dixital,

laboratorio de fotografía, pirogravador, témperas, pasteis, carbóns e sanguinas, pintura plástica e pinceis e prensa para gravado.

11.- Avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Educación Secundaria Obrigatoria.

A cualificación farase sobre as prácticas realizadas na aula (60%) e unha proba teórico-práctica para comprobar que o alumnado acadou os contidos mínimos exixíbeis en cada nivel (40%).

Nas probas extraordinarias de setembro, a cualificación virá dada por unha proba teórico-práctica baseada nos contidos do nivel.

Bacharelato.

Os apartados a cualificar durante o curso (avaliación continua) serán: prácticas para traballar na aula ou fóra dela (40% da cualificación) e probas gráficas (60%)

Nas probas extraordinarias de xuño e setembro, a cualificación virá dada por unha proba gráfica baseada nos contidos de cada curso.

12.- Avaliación do proceso do ensino e a práctica docente

A avaliación do proceso de ensino prodúcese, dun xeito obxectivo, mediante os resultados obtidos polo alumnado nas probas realizadas durante o curso e nas cualificacións, tendo en conta que a porcentaxe de éxito deberá ser próxima ao 100%. Tamén será importante para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente a capacidade do alumnado para realizar correctamente as prácticas diarias propostas e a súa implicación e satisfacción pola materia. Cando se detecte unha porcentaxe alta de fracaso, o departamento analizará a conveniencia de modificar os procedementos e instrumentos de avaliación e a metodoloxía empregada

13.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non se prevén clases de recuperación.

Dado que Educación Plástica e Visual é considerada como unha materia con contidos progresivos, decidiuse que un/unha alumno/a que supere a materia no curso no que está matriculado/a, ten acadados os obxectivos mínimos do curso anterior.

Para avaliar a consecución de ditos obxectivos, estes/as alumnos/as terán que facer, durante o curso, traballos prácticos que incidan sobre os contidos mínimos da materia ou materias pendentes. Os plans de traballo serán deseñados polo departamento e o seu seguimento será levado a cabo polo profesor ou a profesora que imparta a materia. Os/as alumnos/as terán coñecemento da superación ou non das materias pendentes con antelación suficiente para que poidan preparar as probas finais do mes de maio.

De todos os xeitos, os/as alumnos/as con materias pendentes terán o dereito a realizar unha proba final no mes de maio e outra proba extraordinaria no mes de setembro. Estes exames serán elaborados e cualificados polo departamento e consistirán nunha proba teórico-práctica baseada nos criterios de avaliación de cada nivel.

14.- Procedementos que lle permitan ó alumnado acreditar os coñecementos necesarios (BAC)

Dado que as materias de 1º e 2º de bach. teñen contidos progresivos, decidiuse que un/unha alumno/a que supere a materia do 2º curso ten acadados os obxectivos mínimos do curso anterior. Para avaliar a consecución de ditos obxectivos, estes/as alumnos/as terán que facer, durante o curso, traballos prácticos que incidan sobre os contidos mínimos da materia pendente. Os plans de traballo serán deseñados polo departamento e

o seu seguimento será levado a cabo polo profesor ou a profesora que imparta a materia. Os/as alumnos/as terán coñecemento da superación ou non das materias pendentes con antelación suficiente para que poidan preparar as probas finais do mes de maio. De todos os xeitos, os/as alumnos/as con materias pendentes terán o dereito a realizar unha proba final no mes de maio e outra proba extraordinaria no mes de setembro. Estes exames serán elaborados e cualificados polo departamento e consistirán nunha proba práctica baseada nos criterios de avaliación do curso de 1º bach.

15.- Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

Consistirá en descubrir cal é a situación do/a alumno/a no comezo do proceso mediante exercicios prácticos. Os aspectos a avaliar neste momento serán: nivel de utilización dos materiais, sentido estético, limpeza e orden e uso do vocabulario específico.

En función dos resultados, prepararanse clases de reforzo (nalgún recreo ou en horas libres) e se replanteará a secuenciación dos contidos.

16.- Medidas de atención á diversidade

No caso de alumnas e alumnos con necesidades educativas especiais, como medidas de reforzo educativo, elaboraranse prácticas e probas especiais para poder traballar na aula os aspectos da educación plástica que poidan axudar á súa evolución positiva.

Se fose necesario, elaboraranse as adaptacións curriculares correspondentes. Estas adaptacións estarán precedidas dunha avaliación das necesidades educativas especiais do alumnado e realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades da alumna ou alumno.

17.- Elementos transversais

- Igualdade entre os sexos: desde esta área é importante fomentar no alumnado o interese pola análise crítica de aqueles contidos que denotan discriminación sexual na linguaxe a través da imaxe, así como dos estereotipos que de xeito consciente ou inconsciente reflicten no seu traballo.

- Educación do consumidor: é fundamental dotar aos alumnos de procedementos que lles permitan analizar criticamente as necesidades de consumo creadas a través da publicidade, e a relación entre consumo irresponsábel e deterioro do medio ambiente. En relación co consumo asociado co ocio, a educación plástica e visual ofrece excelentes oportunidades para orientar aos alumnos sobre diferentes actividades que desenvolven a capacidade creativa e que se poden levar a cabo no tempo libre: a pintura, o cine, o teatro, a fotografía, ...

- Educación ambiental: a través da linguaxe plástica é posíbel mellorar a comunicación do alumno co seu entorno desenvolvendo a capacidade de observación e fomentando un espírito crítico que lle axude a opinar razoadamente sobre as intervencións do home sobre a natureza (arquitectura, urbanismo, enxeñería,...) e a rexeitar as actuacións de todo tipo que están a deteriorar irreversiblemente a nosa paisaxe natural e as nosas vilas e cidades.

- Educación cívica: fomentaranse actitudes dirixidas á valoración e respecto do patrimonio cultural propio de Galiza, expresión da nosa identidade nacional. Daranse a coñecer os nosos máis importantes creadores e creadoras, as súas obras e ideas. Prestarase especial atención á valoración da arquitectura e a artesanía tradicionais así como as demais manifestacións da arte popular que, xunto coa riqueza natural, constitúen un importantísimo patrimonio que estamos obrigados a preservar.

- Contribución ao Proxecto Lector: Nos tres cursos de Educación Plástica e Visual da ESO trabállase sistematicamente con poesía e relato curto en galego para a realización de banda debuxada, ilustración, gravado e elaboración de curtametraxes. En Bacharelato,

valorarase a lectura de fragmentos de obras de divulgación científica que teñan a ver coa xeometría e as súas aplicacións á física e, polo tanto, ao coñecemento do Cosmos . Estes textos ofreceranse ao alumnado en lingua galega (cando exista tradución) ou en portugués.

- Contribución ao Plan TIC: As novas tecnoloxías informáticas son cada vez máis imprescindíbeis para a ensinanza da expresión plástica e visual e do debuxo técnico. A medida que se vaia dotando o noso centro con material informático, de xeito que este poida ser utilizado por todo o alumnado, programaranse actividades de debuxo asistido por computador (Bacharelato) e de tratamento de imaxes, edición de vídeo e maquetación (ESO).

- Contribución ao Plan de Convivencia: Ademais do cuidado e conservación dos recursos públicos, a aportación máis importante que pode facer a educación plástica é a valoración e dignificación dos espazos compartidos, unha das funcións primordiais da artes ao longo da historia.

18.- Actividades Complementarias e extraescolares

Propóñense as seguintes actividades complementarias e extraescolares:

- Visita ao Centro de Interpretación do dolmen de Dombate, ao castro de Borneiro, á igrexa renacentista de S. Pedro do Allo e ao Pazo do Allo (a obra de arte no seu contexto, pautas para a súa apreciación e análise)

- Saídas ás cercanías do instituto (apuntes do natural, debuxo do movemento,...).

- Saídas a exposicións artísticas que se realicen na zona.

- Saída para coñecer o proxecto de arte urbana do Concello de Carballo.

- Visita ao Museo Carlos Maside e ao museo de Belas Artes de A Coruña.

- Análise dun conxunto de arquitectura tradicional.

- Colaboración na maquetación, portadas, ilustracións, ... da revista do instituto.

- Colaboración nas actividades do Equipo de Normalización Lingüística, en especial no deseño e realización dos decorados do de teatro escolar.

- Deseño e realización dun mural, inspirado na obra de artistas plásticos galegos, nun lugar axeitado do centro, continuando a labor iniciada os cursos pasados.

- Participación nas actividades educativas promovidas polo Museo do Pobo Galego e o Museo de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela.

- Axuda á divulgación de actos que se realicen no centro mediante a realización de carteis anunciadores, dípticos, logotipos, ...

- Participación no Congreso de Educación Ambiental organizado polo CEIDA. Saída a un espazo de especial interese natural, etnográfico ou cultural.

- Participación da actividade de limpeza de praias organizada por ADEGA.


19.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

- Comprobación da correcta temporalización dos contidos, de xeito que estes poidan ser seguidos sen dificultade pola totalidade do alumnado.

- Verificación de que as actividades propostas, tanto na ESO como no Bacharelato son axeitadas e se corresponden coa metodoloxía elixida e esta contribúe á motivación do alumnado e o seu aprezo pola expresión plástica.

- Análise dos procedementos e instrumentos de avaliación para que a cualificación reflicta o grao de consecución dos obxectivos de cada alumno ou alumna. En Bacharelato serán importantes, para a análise destes procedementos, os resultados obtidos polo alumnado nas probas selectivas de acceso á universidade, por tratarse dun baremo obxectivo da consecución dos obxectivos.

- Farase un seguimento, coa axuda do orientador do centro, das medidas de atención á diversidade para comprobar a súa efectividade.



No comezo do curso falicitárase o coñecemento, por parte do alumnado e dos seus pais e nais, dos obxectivos, dos contidos mínimos e dos criterios de avaliación do nivel correspondente.

Baio- Zas, Decembro de 2016
Carlos Fdez Concheiro (X.D.)